



textos / 82

Premios “A PIPA”
de Dramaturxia Breve
2013-2014

Emoticonas, de Rubén Pérez

Silencio, de AveLina Pérez

A buxaina, de Santiago Cortegoso

O ceo baixo Berlín, de Ernesto Is

Ofelia, de Julio Fernández

RGT

revistagaleadeteatro

— N.º 85 —

ACTA DO XURADO

XXIII CERTAME LITERARIO A PIPA 2014 DA ALTA MONTAÑA LUGUESA

En Becerreá, a martes 23 de decembro de 2014. O Xurado do 23 Certame Literario A Pipa 2014 da Alta Montaña Luguesa nas modalidades de POESÍA e RELATO CURTO, composto polo poeta Xesús Bermúdez Tellado, o profesor Rafael Ramos Fernández e o dramaturgo e profesor Afonso Becerra Arrojo, mais o Xurado na modalidade de DRAMATURXIA BREVE composto pola dramaturga e directora escénica Vanesa Martínez Sotelo, o dramaturgo e profesor Xosé Manuel Pazos Varela, o dramaturgo e profesor Afonso Becerra Arrojo e o director da Revista Galega de Teatro Antón Lamapereira, en representación da Xunta Directiva da Asociación Cultural A Pipa de Becerreá (CIF. G-27441708), proceden a comunicar o resultado das súas deliberacións conforme ás Bases deste 23 Certame Literario A Pipa 2014 da Alta Montaña Luguesa.

2º PREMIO A PIPA 2014 DE DRAMATURXIA BREVE, para a peza titulada *A BUXAINA*. Trátase dun encontro que semella melancólico e remata por ser un traumático axuste de contas entre dous vellos amigos e unha buxaina por medio. Escrita por **SANTIAGO CORTEGOSO CALVAR**, de Caldas de Reis (Pontevedra).

1º PREMIO A PIPA 2014 DE DRAMATURXIA BREVE, para a peza titulada *SILENCIO*. Crea un atractivo xogo de ficción dentro da ficción entre unha parella. Este xogo ispe unha crise que produce momentos delirantes. En conxunto, a peza é dunha grande eficacia respecto ás repercusións do sistema laboral na vida das persoas. Escrita por **AVELINA PÉREZ**, de Vigo (Pontevedra).

ACCÉSIT A PIPA 2014 DE DRAMATURXIA BREVE, para a peza titulada *O CEO BAIXO BERLÍN*. É a historia dunha separación, dunha despedida, o esmorecemento do amor, regada de referencias cinematográficas e literarias e envolta nunha atmosfera melancólica e lírica. Escrita por **ERNESTO SUÁREZ IS**, de Xixón (Asturies).

ACCÉSIT A PIPA 2014 DE DRAMATURXIA BREVE, para a peza titulada *OFELIA*. Paisaxe mítico tecido coas voces dunha OFELIA e dun HAMLET que observan a súa propia lenda reflectida nas desgrazas de tódolos tempos e no cadro da Ofelia de Millet. Escrita por **JULIO FERNÁNDEZ PELÁEZ**, de Vigo (Pontevedra).

XXII CERTAME LITERARIO A PIPA 2013 DA ALTA MONTAÑA LUGUESA

En Becerreá, a luns 23 de decembro de 2013, reúnese o Xurado do 22 Certame Literario “A PIPA” 2013 da Alta Montaña Luguesa, composto por Marta Rodríguez López, actuando como presidente do Xurado, por decisión unánime do resto dos compoñentes, do que forman parte Amparo Becerra Arrojo e Afonso Becerra Arrojo, en representación da Xunta Directiva da Asociación Cultural “A PIPA” de Becerreá.

1º PREMIO “A PIPA” 2013 DE DRAMATURXIA BREVE, para a peza titulada *EMOTICONAS* escrita por **RUBÉN PÉREZ POMBO**, de Lugo.

**PREMIOS “A PIPA” DE DRAMATURXIA BREVE
2013-2014**

EMOTICONAS, de Rubén Pérez Pombo

SILENCIO, de AveLina Pérez

A BUXAINA, de Santiago Cortegoso

O CEO BAIXO BERLÍN, de Ernesto Is

OFELIA, de Julio Fernández Peláez

EMOTICONAS
Rubén Pérez Pombo
(Primeiro Premio “A Pipa” 2013 de Dramaturxia Breve)

*Aos Microefectos Dramatúrxicos
e a Tareixa Campo.*

EMOTICONAS *para tres bonecos, actrices ou actores.*

Escóitase I'm not your stepping stone dos Sex Pistols e entran polo público 1, 2 e 3 coma se levasen un orgasmo colgado dos talóns, moi áxil, bailando.

1.- Boas noites, estamos aquí hoxe baixo o obxectivo de venderlles o noso transcendental produto.

2.- Queremos que bailen con nós e gocen das nosas accións, que pensen que o teatro pode ser algo marabilloso para a vida.

3.- Unha mensaxe de felicidade nos tempos que caen, un algo máis que che faga esquecer os teus problemas.

TODOS.- Porque aquí estamos para sobrevivir.

2.- Somos guais e podemos facer pop.

3.- Ou se tes outra idade tamén nos gusta o rock.

1.- Tamén traballamos perrofrautas e orquestras de pobo, abstéñanse pachangueiros.

Todos: Pachangueiros si que non.

3.- Queremos seducirvos, deixarvos coa boca aberta.

2.- Queremos facervos o amor.

1.- De certo queremos todo isto e moito máis, recoñecemos que somos paroleiros e que temos moito conto, pero todo o que hoxe habedes ver aquí é polo voso ben.

3.- *(A unha persoa do público)* Por ti, si, por ti que tes os ollos máis bonitos do universo.

2.- *(A outra)* E ti, cabelos dourados.

1.- *(Outra)* Quen fose noite para che caer enriba.

2.- E agora, mirade atentamente o noso produto, sacade as vosas conclusións ... e a bailar, a gozar, e cando cheguedes a vosa casa lembrade ...

1.- Gústame.

3.- Gústasme ti.

2.- Gústasme moitísimo, mercade o noso produto e non o dubidedes:

Todos: Dous puntos pechamos paréntese ... Benvidos a ...emoticonas!!!!!!

Desaparecen do patio de butacas bailando Balkaneros de Goran Bregovich, cando xa non se ven os actores a música de Balkaneros mestúrase con música ruidista, que fai estourar os oídos do público.

Luz negra, teatro de monicreques ou espenuca, soamente se lle ve a cara ás 3 emoticonas, coa música ruidista aparece pouco a pouco a faciana de Esmail, que leva moita présa.

ESMAIL.- Todo aconteceu rapidamente, o mundo que existía tal e coma nós o coñeciamos deixou de ser. Todo cambio no tempo que dura un lóstrego. O mundo explotou e os

corpos penduran da nada coma o ar. Soamente quedamos tres bululús a representar unha farsa para nós sos, tres cranios privilexiados interrogantes a perseguir unha visión sobre un mundo que remata ou que non fai máis que empezar. Masturbación comprometedora, non se escandalicen, esta é a miña cara e non vai cambiar. Son unha emoticona felicísima coa vida. Síntoo moitísimo, non quero pedir perdón, discúlpome , apocalipse, merda de superstición.

Sadi, que xa leva un tempo ollando, dende a outra esquina do escenario, aparece completamente. Esmail moi efusiva:

ESMAIL.- Ei! Sadi! Como os anxos non teñen materia non son individuos.

SADI.- Cada anxo é unha especie.

Escóitanse voces dende moi lonxe

SADI.- Adiantácheste de máis, case non dou chegado, levas estando diante de min catro días e medio, 108 horas, 6480 minutos, 388800 segundos.

Córtao Esmail

ESMAIL.- Non é preciso que te poñas máis trágico do estritamente necesario, gusto dos soliloquios e ben o sabes, e que o noso camiñar é máis lento co dos caracois do pasado non é nada novo, poderíamos facer unha xincana con eles e acabariamos perdendo.

SADI.- De certo que somos unha nova especie sen pernas nin brazos, máis lenta e menos atractiva, cun toque enfermizo, pero unha nova especie.

ESMAIL.- Adaptación ao mundo dunha especie antiga.

SADI.- Máis ben casualidade darwiniana. Noutras palabras éche o que hai. Somos os excrementos principais sen a esperanza que pode ter un montón de abono. Plan de transcendencia mítica destinada ao fracaso, nihilismo?

ESMAIL.- Nada, baleiro, ren, partículas de po?

Voces un pouco máis preto

SADI.- Po de estrelas, doces con forma de bolboreta e pompas de xabón a saír da miña boca...

Babéxase, intentar facer unha pompa

ESMAIL.- Non entendo nada, porque pensar si que pensamos.

SADI.- Todo é relativo, máis ben semella unha filosofesta con caracterización carnavalesca suave, é dicir ... sen carnaza, filosofía de porexpan, non entanto non sei que facemos acó, darlle os parabéns a morte non si?

ESMAIL.- Tanta pregunta soa superficial pero ... supervivencia?

SADI.- Supervivencia ... a que?

ESMAIL.- Vivir sen complexos.

*Di isto rindo cara Sadi ao que lle fai unha carantoña. Sadi mirao
Voces inda máis preto*

SADI.- Xa, correr cos pés.

ESMAIL.- Nadar cos brazos.

SADI.- Selección natural, para que carallo queremos todo iso? Un mundo novo, siiiii, Huxley, quen se lembra eh? Somos rupturistas!

ESMAIL.- Cabezas de turco.

SADI.- Moi ocorrente ti Esmail, pero só é tempo de podreecer, ás veces sígoche o xogo inda que só queira a morte. Hai que entreterse dalgunha maneira.

ESMAIL.- Se nos damos aloumiños?

SADI.- Prefiro esnaquizarme a testadas.

ESMAIL.- Máis sangue da estritamente necesaria.

Voces

SADI.- Demasiado violento para ti, non si?

Voces

ESMAIL.- Que máis ten. A matanza do porco!

Neste momento comeza a aparecer Blinker, a emoticona intermitente, á que se lle vai cambiando a cara cada pouco, con moito ánimo:

BLINKER.- Por fin, levo oito días detrás de vós esperando ...

Córtao Esmail

ESMAIL.- Como os anxos non teñen materia non son individuos.

BLINKER E SADI.- Cada anxo é unha especie.

ESMAIL.- Ben!

BLINKER.- Esmail, non é tempo de supersticións, sempre igual, pero vale, continuo, levo oito días detrás de vós esperando unirme a vós. Agora non é o momento de testadas nin ostias. É o momento de reproducirnos. Nos douscentos metros que explorei non hai ninguén máis. Sodes a miña esperanza.

SADI.- A culpa é de Esmail, eu tardei catro días e medio, 108 horas ...

Córtao Esmail

ESMAIL.- 6480 minutos ... Si, xa vos oía na miña caluga, non vos parece estupenda a miña cachola para aparecer nas despensas dos fogares dese mundo novo que está por vir? encacholádeme coma o porco no entroido, colgádeme da corda e expoñédeme na Praza Maior, cuspideme e metédeme a lingua polo nariz, que máis! Son moito máis caramelo ca todo iso. Canto vos gusta o sangue queridiños.

SADI.- Tecnicamente o de cuspir e introducir a lingua polo nariz si que o podemos facer.

BLINKER.- Canta vitalidade hai no ambiente! Se chegamos até aquí será por algo, ou? Os últimos sobreviventes da terra. Unha competición universal na que soamente quedamos nós os tres, e para celebralooooo

Córtao Esmail

ESMAIL.- Ei! Espera un momentíño, Como os anxos non teñen materia non son individuos.

BLINKER E SADI.- Cada anxo é unha especie.

ESMAIL.- Ben, continúa.

BLINKER.- Vale (*con rentintín*), e para celebralooooo, para celebralooooo, para celebralooooo CENTRIFUGADORA!!!!

Escóitase Chatterbox dos Sex Pistols e as emoticonas bailan unha coreografía marcada de cabezas coma se estivesen nunha lavadora. Efecto centrifugadora.

SADI.- Vale, está ben, pero a pesares de tanta efusividade e de tanto movemento, ser unha emoticona non se corresponde exactamente con estar vivo.

BLINKER.- Si Sadi, somos emoticonas superviventes ao estoupido nuclear, estamos vivísimos, sobrevivimos ao apocalipse montados a cabalo do noso pescozo. Os doutores dirían que xa non é tempo de cargar as cabezas sobre os ombreiros, mantéñense por si soas.

SADI.- Mexa por mín.

BLINKER.- Froito do estoupido nuclear saltamos dos ordenadores á realidade.

ESMAIL.- Bonita idea, e se realmente vivimos nun universo paralelo e nós mesmos somos as pantallas e dende alí dominamos o mundo? Rumoreábase que un exceso de emoticonas na rede podería provocar un estoupido nuclear e iso mesmo debeu ser o que aconteceu. A culpa foi dese vídeo no que unha vaca bicaba un can, todo o mundo quedara pámpano.

SADI.- Descarto calquera das vosas hipótese. Non entanto somos os derradeiros superviventes da terra.

BLINKER.- Non, somos os primeiros, temos que procrear!

ESMAIL.- Como se fai iso?

SADI.- Tecnicamente é imposible. Tal e como eu entendo a procreación, vaia.

BLINKER.- Teremos que probar diferentes maneiras, entendo que os neanderthais tamén tiveron que andar fuchicando para ver como ... se ía facendo o xogo ... vaia, xuntémonos, por exemplo, non sei, (*Esmail e Blinker van xuntando cadansúas cabezas, cada frase unha acción das emoticonas, moi sexual*) igual conseguimos un embarazo inconsciente.

ESMAIL.- Eu acepto o xogo, non sodes o meu tipo pero vaia, en tempos de guerra calquera buraco é trincheira, e a vista tedes algún.

Esmail e Blinker seguen a xogar

SADI.- Sinto pero estamos abocados á desaparición, non sei porque estamos aquí nin para que, nada ten sentido. O mundo estourou, PUM, mala sorte.

ESMAIL.- Únete Sadi, polo menos entretés á morte.

BLINKER.- Quen sabe, quizais haxa un mañá, que ben sabes ... estasme a poñer ... o nariz, si, teño o nariz quente.

ESMAIL.- Creo que teño as orellas a cen, pero debe ser da calor abafante que da este sol, non entanto gústame sentir aos outros, a quen non lle gusta un aloumiño. Sadi, ti non queres aloumiños?

Esmail e Blinker seguen ao seu mentres fala Sadi

SADI.- Vouvos cortar os collóns que andades quentes coma burras (*di esta frase ríndose de si mesmo*) Porque non xogamos aos bolos con nós mesmos, veña, é o momento perfecto para un pleno. Presa doada. Hoxe é o primeiro día do resto dos meus días (*segue a rirse*) vitalidade: característica do que ten moita actividade, de quen actúa con enerxía e decisión, e tamén das súas acción. Veña Sadi, ti que estás áxil, bota unha carreira, cen metros en dous días, 48 horas, 2880 minutos, 172800 segundos ...

ESMAIL.- (*Ríndose*) Sadi, mexa por nós.

BLINKER.- (*Ríndose tamén*) Sadi, ti que podes, lambe os nosos baixos fondos, hoxe están moi doces, alegría! Alegría!

ESMAIL.- Pono no teu Facebook!

BLINKER.- Twitteame Sadi, twitteame moitísimo.

ESMAIL.- Sadi non collen os me gustas na túa foto de perfil, Sadi, douche 100 gústasme.

BLINKER.- Es trending topic, suicídate Sadi para ser trending tópic. Hoxe é o primeiro día do resto dos teus días.

ESMAIL.- Sadi, es puro, purísimo, non caigas no pozo dos infernos, non caigas.

BLINKER.- Mantente firme na túa postura, es unha emoticona triste de verdade, dous puntos abrimos paréntese. Pendúrate estupendamente na estrela de camiños!

ESMAIL.- Prométoche unha noite lúgubre mesturada con necrofilia.

SADI.- Botade os excrementos que queirades por riba de min que non me afectan. Enchédeme as cuncas dos ollos da vosa sangue amarela. Imos ter a sorte de podreecer xuntos, pouco a pouco, lentamente. Esmoreceremos de seguido e ninguén se atragoará cos nosos restos.

ESMAIL.- Veña Sadi, non te poñas transcendental, non é tempo de pensar, é tempo de deixar pasar (*como que lle acae a palabra*) o tempo, facer algo, esperar que pase algo, si, esperar que pase algo.

BLINKER.- Semellas un grego teorizando.

ESMAIL.- Teatro naturalista, máis naturalista non podía ser. Transgrede a norma, adáptate aos novos tempos. Tes que ser unha emoticona de verdade. Unha emoticona valente!

SADI.- Que queredes?

BLINKER E ESMAIL.- Nada, e ti?

SADI.- Nada tampouco.

BLINKER.- E diante de semellante situación que facemos?

SADI.- Testadazo limpo, é a miña aposta persoal, axudádesme?

BLINKER.- Sexo sen control, neno.

SADI.- É preferible que me axudedes, quero que me golpeedes coas voas cabezas cadansúa polo seu lado para estourar perfectamente. Coreografía macabra. Recoñézoo, son un covarde compulsivo e non son quen de facelo eu só.

ESMAIL.- Demasiada sangue para o meu sorriso, non pega, Sadi, non podo facer semellante cousa.

SADI.- Non esperaba menos de ti Esmail, Blinker, actúa

BLINKER.- Alá vou, serás unha emoticona asasinada con paixón polas túas compañeiras.

Mentres Blinker se achega a Sadi e a mira fixamente ...

BLINKER.- Sadi, poríame moitísimo que me dixeses que estás a ver chegar a morte, por favor, dimo Sadi, dimo.

SADI.- Ben, queridísimo público, as miñas derradeiras palabras son ... Queres ton dramático?

BLINKER.- Si, Sadi, veña!

SADI.- Entón, ensaiámolo primeiro, vale? Algo así como ... (*ton dramatiqúisimo*) estou a ver chegar a morte ...

BLINKER.- Perfecto!

Golpea a Sadi que morre e queda pendurado do escenario

ESMAIL.- Non me gusta ...

BLINKER.- Coa emoción mateino de primeiras, preferiría que agonizase tres días, 72 horas e 4320 minutos. Así sabería o que é a vitalidade, a mellor homenaxe posíbel a ese substantivo.

ESMAIL.- Cearémolo despois, inda que non é porexpan do mellor.

BLINKER.- A min tampouco me atrae pero non queda outra. *(Mirando a Esmail con certa tensión sexual)* Ben Esmail, imos ao noso? sexo sen control?

ESMAIL.- Vale pero ... Como os anxos non teñen materia non son individuos.

BLINKER.- Pero a que carallo ven iso agora?

ESMAIL.- Blinker! Ou xogas ou non xogas, faino ben, sen preguntas polo medio, son moi supersticiosa, ben o sabes.

BLINKER.- Que ben, e porque non xogamos a iso mentres esperamos esmorecer?

ESMAIL.- Por favor Blinker que me poño moi mal, Blinker por favor remata a frase. Como os anxos non teñen materia non son individuos.

BLINKER.- Pero porque te pos así? Pois non o sei.

ESMAIL.- Si que sabes a resposta Blinker! Douche unha última oportunidade, o primeiro día do resto dos teus días.

BLINKER.- Esmail, non es capaz de matar unha mosca.

ESMAIL.- Quérelo comprobar?

BLINKER.- Si Esmail, quero comprobar o teu cagallón supersticioso.

ESMAIL.- Contesta Blinker, non podes meter ningunha palabra polo medio, contesta e remata a túa frase como sabes que o tes que facer.

BLINKER.- Veña, veña Esmail.

ESMAIL.- Imos, xa sabes o que tes que facer, Blinker, aí vai: como os anxos non teñen materia son individuos.

(Pausa dramática)

BLINKER.- Cada ... anxo ...é...unha...es...pe...ci

Esmail, golpea até asasinar a Blinker, que queda pendurado do escenario

ESMAIL.- Como os anxos non teñen materia non son individuos. Cada anxo é unha especie. Por fin! Xa podo continuar, e agora a esperar. 1, 2, 3... Teño toda a eternidade por diante xa que despois de min: excrementos baleiros. *(Mira aos compañeiros pendurados)* 1, 2... Estupendos cranios privilexiados, fermosas emoticonas. *(Canta)* Son a única muller do mundo, *(rise)* muller...1... non hai ninguén pra loitar, tomorrow and tomorrow and tomorrow *(rise)*. Gústame podrecer, silencio, lentamente, bravo polo silencio, bravísimo polo silencio ... *(Deita a cabeza)*

Escóitase música ruidista.

FIN

SILENCIO
AveLina Pérez
(Primeiro Premio “A Pipa” 2014 de Dramaturxia Breve)

Un home e unha muller nunha cama. Soan dous espertadores, Cada un apaga o seu. A muller mira fixamente ao home.

HOME.- Durmín mal..

MULLER.- Canto tempo leva vostede aquí?

HOME.- Tiven un pesadelo ...

MULLER.- Canto tempo leva vostede aquí, señor?

HOME.- Durmín mal, tiven un pesadelo ...

MULLER.- Está vostede na miña cama ...

HOME.- E quixera tomar un café.

MULLER.- E preciso saber desde hai canto..

Silencio

MULLER.- Estoulle facendo unha pregunta, señor.

Silencio

MULLER.- E quero unha resposta xa.

HOME.- As necesidades de resposta son aprazables. Preciso tomar ...

MULLER.- Está vostede en calzóns na miña cama, señor.

HOME.- Durmín mal, non estou ... como diría?... para hostias

MULLER.- Veme vostede a min cara de estar “para hostias”, señor?

HOME.- Non me gusta que me chames “señor”.

MULLER.- Inda non me contestou!

HOME.- Non teño clara a resposta! Non é tan sinxela!

Silencio

HOME.- Dóeme a cabeza. Quero un café, é tanto pedir?

Silencio

MULLER.- Non crerá vostede que ...

HOME.- Que manía tes de erguerse e non parar de falar!

MULLER.- E non lle gusta, señor,?

HOME.- Que se non me gusta, o que?

MULLER.- Iso, que fale nada mais ...

HOME.- Non, non me gusta.

MULLER.- Entón como é que está na miña cama?

HOME.- Non estou na túa cama, estou na miña cama.

MULLER.- Diría que esta cama é miña ...

HOME.- Si, tamén ...

MULLER.- Agradecería as respostas algo máis claras, a situación require ...

HOME.- Require un café! Require un *puto* café!

MULLER.- Xa abonda!

O home comeza a vestir un traxe escuro

MULLER.- Dígame dunha vez canto tempo leva vostede aquí!

HOME.- Como vou calcular tempos agora ...

MULLER.- De quen é a cama?

HOME.- Nosa ... claro, si ... nosa ...

Silencio

HOME.- Que manía tes de darlle voltas a todo!

MULLER.- Así que lle dou voltas a todo? Desde cando?

HOME.- Desde ... desde ... desde sempre...

MULLER.- E cando é sempre?

HOME.- Sempre é sempre.

MULLER.- O inicio dos tempos é sempre, señor?

HOME.- O inicio dos tempos é sempre, si, pero non ...

MULLER.- Pensa que estamos aquí desde o inicio dos tempos?

HOME.- Ninguén está en ningún lado desde o inicio dos tempos!

MULLER.- Está vostede seguro?

Silencio

MULLER.- Por que di que lle dou voltas a todo desde “sempre”?

HOME.- Déixame ter un pouco de paz! , por Deus ...

MULLER.- Déixeme ter un pouco de paz, señora!

HOME.- Como?

MULLER.- Señora! Déixeme ter un pouco de paz, señora!

Silencio

MULLER.- Sempre é moito tempo..

Silencio

MULLER.- Cantos anos ten señor?

HOME.- E deixa de chamarme señor!

MULLER.- Vostede é un señor, ou non é un señor?

HOME.- Si, pero ...

MULLER.- Entón, se é un señor, chámolle señor!... Cantos anos é que me dixo que ten?

Silencio

MULLER.- Teño dereito a saber a súa idade.

Silencio

HOME.- Cincuenta anos, teño máis ou menos cincuenta anos.

MULLER.- Señora!

HOME.- Como?

MULLER.- Señora, teño cincuenta anos, señora!

Silencio

MULLER.- Así que estou cun señor de cincuenta anos desde sempre ...

HOME.- Cincuenta e dous.

MULLER.- E nunca falamos disto neste tempo?

HOME.- De que?

MULLER.- Como que de que? Da idade, do tempo, de se son unha señora... destas cousas...

HOME.- Agora non son horas de falar ...

MULLER.- Pois son temas moi importantes, ao meu modo de ver, ter cincuenta anos, cincuenta e dous, non é o mesmo que non telos ...

HOME.- Non, xa sei que non é o mesmo.

MULLER.- E nunca falamos que significa “sempre”... “sempre” en si mesmo?

HOME.- Por favor, a miña necesidade é tan sinxela, un café e ...

MULLER.- Tampouco é o mesmo levar desde “sempre” a compartir cama que non levar, ou vostede considera que é o mesmo?

HOME.- E un pouco de paz ... Non, non é mesmo.

MULLER.- Pois entón ...

Silencio

MULLER.- Que tal leva vostede os seus 52 anos?

HOME.- Estáseme a facer tarde ...

MULLER.- Que tal leva vostede os 52 anos?

HOME.- Ben

MULLER.- Ben ...

Silencio

MULLER.- E por que se lle fai tarde, señor?

HOME.- Teño que ir traballar.

Silencio

HOME.- Ti podes seguir a durmir se queres.

MULLER.- Como vou durmir tan tranquila despois de saber que levo desde “sempre” compartindo cama con vostede... igual mañá esperto, señor, e xa é “nunca”... todo pasa nun voador, non, non me volve coller desprevida.

Silencio

MULLER.- Así están as cousas. Vostede dirá.

HOME.- Dikir? E que queres que diga?

MULLER.- Que quere! Que quere que diga!

Silencio

MULLER.- O que cala outorga.

HOME.- Que é o que outorgo se pode saberse?

MULLER.- Outorga que non ten nada vostede que dicir, o que non é pouca cousa.

HOME.- Outorgo que ... si ... que a cama é nosa ... e que teño présa!

MULLER.- Por que ten présa?

HOME.- Teño que ir traballar.

MULLER.- Ata aquí poderíamos chegar! Teña claro que non me penso despegar de vostede ata que non aclaremos todo isto.

A muller persegue ao home.

HOME.- Non podes vir detrás de min. Non podo traballar se non te despegas de min!

MULLER.- Respecto!

HOME.- Non pode vir vostede detrás de min, non podo traballar se vostede non se despega de min, señora, é imposible que así poida facer nada, ademais como vou presentarme diante dos compañeiros de traballo contigo, con vostede, pegada, ningún dos compañeiros leva unha muller pegada ao traballo. Suplícollo señora, déixeme ir traballar prométolle que en canto remate falamos ...

Prégollo ... Señora!

MULLER.-Véxoo perdendo os papeis señor. Podo ofrecerlle un café?

HOME.- Se é tan amable.

MULLER.- Azucres?

HOME.- Dúas por favor. Podo fumar?

MULLER.- Si, sen botarme o fume na cara ...

Silencio

MULLER.- Como é o seu nome?

HOME.- Nunca penso niso.

MULLER.- Como?

HOME.- No meu nome, digo, nunca penso.

MULLER.- Pois penso que son horas de empezar a pensar..

HOME.- Pensas ti no teu, acaso?

MULLER.- Protesto!

HOME.- Pensa vostede no seu ... señora?

MULLER.- No meu que?

HOME.- No seu nome! Pensa no seu nome algunha vez?

MULLER.- Pois ... eu ... a que pregunta son eu!

HOME.- Non é tan doado ...

MULLER.- Máis café?

HOME.- Non grazas, está ben . Agora só falta a paz ...

Silencio

MULLER.- Temos un problema ...

HOME.- Vanme descontar o día de hoxe. Teño un traballo de moita responsabilidade

MULLER.- Síntoo moito, non é a miña intención ocasionarlle problemas, pero é por causa de forza maior.

HOME.- Se deixásemos as cousas como están.. que necesidade de complicarse a vida.. Sempre andas a ver problemas ...

MULLER.- Vostede! Señora!

HOME.- Señora! Si.. sempre anda a ...

MULLER.- Non sabemos os nosos nomes!

HOME.- E que mais dá! Tanta xente haberá que non os sabe! E non creo que por iso deixen de ir traballar!

MULLER.- Por que non os sabemos? Por que non sabemos canto tempo é “sempre”? Seguro que levo desde sempre, sen saber o meu nome!

HOME.- Non creo que ...

MULLER.- Os nomes non se saben porque non se din! Estou certa que foi vostede o que deixou de dicilo primeiro, vese ben que é un home que non di os nomes da xente! Non disimule!

HOME.-Eu non teño a culpa! Teño moito traballo, non paro apenas, cando chego estou canso e, si, vostede está durmindo ...

MULLER.- Non ...

HOME.- Sempre dorme, si ... Teño tantas ganas de descansar cando chego. Non teño tempo para pensar en nomes nin en tempos!. Teño probas.

MULLER.- Probas? Podo velas?

Saca unha cartilla de banco

HOME.- Temos cartos.

Silencio

MULLER.- Temos cartos pero ... non temos nomes.

Silencio

MULLER.- Cheiro a naftalina. Por que cheiro a naftalina?

Silencio

HOME.- Podemos atuarnos?

MULLER.- Por que?

HOME.- Porque igual así lembramos os nomes.

MULLER.- De acordo ... Pero se me arrepiño volvemos ao “vostede”.

HOME.- Paréceme ben.

Silencio

HOME.- Non cheiras a naftalina, cheiras ben ... igual o cheiro... o que cheira... son eu ...

Silencio

HOME.- Marcho traballar. Grazas polo café.

Ela agárrao. Forcexan, cae do seu traxe unha libra de chocolate

MULLER.- Por que levas chocolate ao traballo?

HOME.- Vendo chocolate ... son vendedor de ... chocolate ...

MULLER.- Consegues tantos cartos vendendo chocolate?

HOME.- De algo hai que vivir.

MULLER.- E dis que chegas canso a casa de vender chocolate?

HOME.- Non só de vender chocolate, vendo chocolate e *gominolas*. Teño probas.

Saca unha bolsa

MULLER.- Es *chocolateiro* e *gominoleiro*?

HOME.- Si.. máis *gominoleiro* que *chocolateiro*...

MULLER.- Non dicías que tiñas un traballo de moita responsabilidade?

HOME.- E é de moita responsabilidade ... ti pensa cantos nenos berran coma tolos pedindo unha *gominola* .. que pasaría se no mercado non houberse ningunha?, os pais sen pegar ollo durante toda a noite, e non unha noite, tódalas noites...

MULLER.- Non dou creto!

HOME.- Ao final os pais terían que deixar de asistir aos traballos, tódolos pais de tódolos nenos deixarían de funcionar e o mundo ficaría ...

MULLER.- Non podo...

HOME.- Paralizado

Silencio

MULLER.- E para iso vas así vestido?

HOME.- Hai que ir así.

MULLER.- A min dáme que para vender chocolate e *gominolas* sería moito mellor ir vestido de cores ao traballo.

HOME.- Non deixan.

MULLER.- Quen non deixa?

HOME.- O señor López.

MULLER.- Quen é o señor López?

HOME.- Un pallaso.

MULLER.- Se é un pallaso por que non van todos á empresa de cores? Gústanme os pallasos ...

HOME.- O Sr. López é un pallaso falso.

Comen gominolas en silencio

MULLER.- Son boas.

HOME.- Son noxentas.

Silencio

MULLER.- Son boas.. pero fartan ...

Silencio

MULLER.- Así que non tes tempo para dicir o meu nome porque vendes *gominolas*... que ou son noxentas ou fartan ... iso éE eu por que non vendo *gominolas*?

HOME.- Porque decidimos que era mellor que fixeses algo ... importante.

MULLER.- O que?

HOME.- Criar fillos.

MULLER.- E temos fillos?

HOME.- Non.

MULLER.- Entón?

HOME.- Decidimos non ter fillos por se nalgún momento fose preciso que ti tamén vendeses *gominolas* ... por se non chegaban os cartos para ...

MULLER.- Deus!

HOME.- Deus!

Silencio

MULLER.- O único tanxible que temos son ... *gominolas*...

Silencio

HOME.- Temos cartos ...

Silencio

HOME.- Eramos felices ...

MULLER.- Cando eramos felices?

HOME.- Onte ...

Silencio

MULLER.- Unha vida dedicada ... ás *gominolas* ...

Silencio

MULLER.- E ao chocolate..

Silencio

HOME.- Mentinche. O chocolate non o vendo, créame tanta ansiedade vender *gominolas* que me volví un adicto ao chocolate.

MULLER.- Hostia ... perdón ...

HOME.- Hostia ...

Silencio

MULLER.- Será bo falar tanto?

HOME.- Empezaches ti.

MULLER.- Quen vende as *gominolas*? Eu?

HOME.- Non pero ...

MULLER.- Aí tes. Se ti non andases coas *gominolas*...

HOME.- Niso tes razón..

Silencio

MULLER.- Para min que te drogas.

HOME.- Eu non me drogo

MULLER.- Pois tes toda a pinta.

HOME.- De haber alguén drogadicto no cuarto esa es ti.

MULLER.- Eu?

HOME.- Si, tomas pastillas.

MULLER.- Pero son para durmir, non para drogarme.

HOME.- Pero son drogas, e dormes drogada, e por iso espertas con estas conversas.

MULLER.- Pois ti es un adicto ao chocolate.

HOME.- É moito peor tomar pastillas que comer chocolate.

MULLER.- Unha persoa que come chocolate sen parar é un ... porco.

HOME.- Unha persoa que come chocolate sen parar, como moito é larpeiro, non é un porco .

MULLER.- É un porco noxento drogadicto. Estou desde “sempre” vivindo cun drogado ...

HOME.- Menos mal que tomo chocolate, que me fai esquecer un pouco.. non é tan fácil.

MULLER.- Podes deixalo, podes facelo!

HOME.- Non, non podo!

MULLER.- Podes, eu axudareite.

HOME.- Non sería capaz de vivir.

MULLER.- Dáme o chocolate. Dámo ...

Forcexan

MULLER.- E se deixases de vender *gominolas* deixarías o chocolate?

HOME.- Igual si . E ti deixarías as pastillas?

MULLER.- Eu deixaría as pastillas para que ti deixases o chocolate.

HOME.- Por que?

MULLER.- Porque te quero ...

Silencio

HOME.- Pero se eu deixase de vender *gominolas* xa non terías que deixar as pastillas para que deixase o chocolate, pois xa non me faría falta tomar chocolate ...

MULLER.- Hostia ... perdón ...

HOME.- Hostia ...

Silencio

MULLER.- Invéntame un nome...

HOME.- Non sei ...

MULLER.- Veña...

HOME.- Eu que sei ... María.

MULLER.- Ese non é moi ...

HOME.- Xa ... invento outro ...

MULLER.- Veña ...

HOME.- Dáme algo de vergoña ...

MULLER.- Só unha vez ...

HOME.- Pero non me mires ...

MULLER.- Vale ...

HOME.- Azucena.

MULLER.- É bonito ... Ves? Tampouco foi tan difícil ...

HOME.- A falta de costume, xa sabes..

MULLER.- Estivo bastante ben.. E agora un para ti ...

HOME.- Ese podes inventalo ti ...

MULLER.- Veña ...

HOME.- Para min ... Xosé.

MULLER.- Ese é como o de María ...

Rin

HOME.- Pois ... Sansón.

MULLER.- Un pouquiño máis alto...

HOME.- Sansón.

MULLER.- Está ben...

HOME.- Tócache dicilo.

MULLER.- Sansón...

Silencio

HOME.- Azucena ... Sansón ...

Silencio

MULLER.- Mañá lembraremos?

HOME.- Son nomes inventados.

MULLER.- Tódolos nomes son inventados.

Silencio

HOME.- O malo disto é que cando se fai xa non hai volta atrás.

MULLER.- Certo.

Silencio

HOME.- Ou si.

MULLER.- Ou si.

Silencio

HOME.- Por que non dormes un pouco máis ...

MULLER.- Será o mellor. E ti vas ...

HOME.- Si ...

Silencio

HOME.- Estaría ben ter fillos ...

MULLER.- Si.. Estaría ben ...

HOME.- E temos que ...

MULLER.- Si ... si ... claro... Onde están as miñas pastillas? ...

HOME.- Na mesiña tes ...

MULLER.- Si... Igual non che descuentan ...

HOME.- Non, o Sr. López é un bo home ...

MULLER.- Si.. é un bo home ...

HOME.- Se queres que quede ...

MULLER.- Ti queres quedar?

HOME.- O dos fillos ...

MULLER.- Claro.. o dos fillos ... Estaría ben durmir un pouco...

HOME.- Si ... Eu xa ...

MULLER.- Si.. Era Sansón, non?...

HOME.- Si ... Era ... Eu xa .. Si, era ...

O home recolle a libra de chocolate e marcha. A muller toma unha pastilla e métese na cama.

A BUXAINA
Santiago Cortegoso
(Segundo Premio “A Pipa” 2014 de Dramaturxia Breve)

1 e 2 son dous homes de corenta anos.
1 enlea unha buxaina nun cordel e lánzaa a bailar.
Os dous miran para ela un momento.

- 1.- Canto xogabamos, lembrás?
2.- E ás bólas. E ao cacharriño.
1.- Tamén. escoita como zoa.
2.- Aínda che acorda como se tira.
1.- Estiven practicando.
2.- Gañabas ti sempre.
1.- Esta é unha merda comparada coas que tiñamos de pequenos, é moi redonda.
2.- Non sabía nin que aínda existían.
1.- Eu tiña tres ou catro. Pintábaas a boli de moitas cores, con figuras xeométricas. Encantábame o efecto que facían ao xirar, como ía cambiando a forma dos debuxos a medida que perdían velocidade.
2.- Deben de estar todos a esperar...
1.- Cambiábase a punta roma que traían por unha ben afiada. Ti tamén lla cambiabas, non?
2.- Si.
1.- A min axudábame meu pai. Cunha lima. Así escachaban as outras, daban uns “chichoazos” máis grandes.
2.- Alégrome de verte.
1.- E eu a ti.
2.- Son as dez. Imos indo?
1.- Esta regaleilla ao meu fillo.
2.- Canto tempo ten xa?
1.- É un mangallón. Vai facer oito.
2.- O meu quince. Creo que xa se tira á filla de Lucía.
1.- Si?
2.- Que cabronazo, o que lle debe de prestar porque a rapaza está...
1.- Non te pases.
2.- Xa a verás logo.
1.- É unha cría.
2.- Si, pero como lle vaia a marcha coma á nai...

Silencio. Miran a buxaina, incómodos.

- 2.- Vamos.
1.- Está parando.

2.- Vale, macho, deixa os xoguetes do rapaz e imos ás cousas de maiores, que quedamos para botarlle uns whiskis despois de 27 anos, non para rememorar os xogos tradicionais.

1.- Xa non é do rapaz.

2.- O que?

1.- A buxaina. Xa non é do rapaz.

2.- Non?

1.- Agora é miña. Devolveuma.

2.- Non lle gustou?

1.- Si, encantoulle.

2.- Entón?

1.- Que a levou á escola.

2.- E?

1.- Ninguén quixo xogar con el.

2.- Tirábaa mal.

1.- Non, tirábaa perfecto.

2.- Hostia, quedamos ás nove e media...

1.- Aprendeu enseguida e lanzábaa con xeito, pero os compañeiros ríronse del.

2.- Por que?

1.- A maioría non sabían o que era, nin como se chamaba.

2.- Iso pásache por vivir na cidade.

1.- Non, agora vivo nunha aldea.

2.- Ai, si?

1.- Si, pero alí os críos andan todos coas tabletas.

2.- Como en todos lados.

1.- Quedou el só no recreo, avergonzado. Agora non lle deixan xogar ao fútbol cos demais. Está medio deprimido.

2.- Xa lle irá pasando. As cousas esquécense.

1.- Estás seguro? *Silencio.* Mira, parou.

2.- Si.

1 colle a buxaina e envólvea co cordel para tirala de volta.

2.- Vamos, anda, que Lucía dixo ás nove e media e onde van...

1.- Paso de ir.

2.- Como?

1.- Cambiei de idea.

2.- A ver, oh.

1.- Non me apetece.

2.- A Lucía leva catro meses traballando polo facebook para reunirmos...

1.- Deulle por poñerse sentimental.

2.- Temos corenta, que pasa? Xa nos toca mirar para atrás.

1.- Que estupidez. Xuntar a clase de oitavo da EXB... O carallo é que, de parvo, aínda vin ata aquí.

2.- Mira, eu marchou.

1.- Ti tirábase a Lucía.

Silencio. I tira a rodar a buxaina.

1.- Cando empezastes?

2.- Deixa iso.

1.- Contesta.

2.- Nunca pensei que te decataras.

1.- Si.

2.- Como o soubeches?

1.- Por como te miraba. E como a mirabas ti.

2.- Cando vós estabades no instituto, en 3º de BUP ou así... Eu xa traballaba co meu vello... Algunhas veces... iamos á praia e... Bah! Pero a ela gustábaslle ti, sabíao todo o mundo, o que pasa é que eras raro.

1.- Raro.

2.- Si, andabas todo o tempo con cousas artísticas. E só falabas de política, de escritores e diso...

1.- Xa sabía que non tiña que vir.

2.- Non cambiaches nada desde... Canto hai que non nos vemos?

1.- Quince anos?

2.- É que non se che ve o pelo. Segues pintando e iso...

1.- Fago ilustracións.

2.- E agora marchaches para unha aldea.

1.- Cando me separei.

2.- E puxécheste enxebre de todo.

1.- Sempre fun de aldea, coma ti.

2.- Isto hai vinte anos que non é unha aldea.

1.- Pois estaba mellor antes.

2.- O carallo. Vamos.

1.- Lucía chupábacha?

2.- Veña!

1.- Contesta; hai que mirar para atrás, non?

2.- Algunhas veces, que pasa?

1.- Nada. Supoño que a Anxo tamén, porque acabou casando con el.

2.- Era o único que a aguantaba.

1.- Por que dis aguantala?

2.- Home, estaba moi boa, e aínda está, pero...

1.- Pero que?

2.- Que sempre foi unha borde.

1.- A min non mo parecía...

2.- Igual ti tamén estabas disposto a aguantala, pero marchaches.

1.- A outra opción era quedar e matarvos a hostias. Pero non me atrevín.

Silencio. Miran a buxaina.

2.- Que importará todo iso despois de tantos anos? A min o que me importa é que vai estar a cea fría. Vamos.

1.- Paso.

- 2.- Veu Xabi.
 1.- Xabi?
 2.- De Estados Unidos. Localizouno nunha web de buscar persoas. O pavo flipou e veu a propósito.
 1.- Seguirá igual de parvo.
 2.- Tamén se tiraba a Lucía. *Silencio*. Non te decataras? No verán que estabades preparando o selectivo...
 1.- Cando eu lle pedín para saír.
 2.- Si.
 1.- Pero estaba con el... E con Anxo.
 2.- E comigo.
 1.- É dicir, que eu fun o único dos catro que non...
 2.- Esperaches demasiado. Pero vamos, que aínda estás a tempo, separouse o ano pasado.
 1.- Si?
 2.- Hoxe vaise emborrachar todo o mundo e igual... quen sabe? A vida dá moitas voltas.
 1.- Por que?
 2.- Por que que?
 1.- Por que se separou?
 2.- Anxo desapareceu de súpeto, sen dar explicacións. Ao día seguinte chamou desde Panamá para dicir que estaba ben.
 1.- Desde Panamá?
 2.- Escapou coa súa xefa.
 1.- Hostia.
 2.- Foi un flash. Lucía está... así así...
 1.- Xa, por iso o da festa, non?
 2.- Claro. Vamos.
 1.- Mira, parou.

2 colle unha pedra e tíraa con forza enriba da buxaina, que parte en dúas metades en forma de corazón.

- 1.- Que carallo fas?
 2.- Picha para arriba, pedrada encima.
 1.- Que ma acabas de romper, papahostias.
 2.- Xogabamos así, non?
 1.- Pero ti non estabas xogando. Que cabrón.
 2.- Non dixeches que era unha merda?
 1.- Era do meu fillo.
 2.- Pero devolveucha.
 1.- E que?
 2.- A ver, canto che valeu? Douche para que merques tres ou catro.
 1.- Tiña máis que un valor económico.
 2.- Tranquilo, home.
 1.- Quen carallo che mandou escachala?
 2.- Pareces idiota, estás a agoniar por unha merda de buxaina... Se che chego a romper a tableta...

- 1.- O meu fillo non ten tableta.
 2.- E é o friki da clase, claro.
 1.- Non quero que sexa un autista.
 2.- Prefíres que sexa un raro coma ti.
 1.- Vai á merda.
 2.- Veña, vamos. Trae os cachos.
 1.- Metede polo cu a festa.
 2.- Pedímoslle pegamento a Lucía e cando estea arranxada fasnos unha demostración a todos.
 1.- Es un fillo de puta.
 2.- Eh! Non te pases.
 1.- É o que fuches sempre.

2 empuxa a 1 e tira con el ao chan.

- 1.- (*Erguéndose*) A que che meto unha hostia.
 2.- Non te vas atrever.
 1.- Que non?
 2.- Veña, non te cabrees, que che vai valer de pouco.

*1 lánzase contra 2 e intenta baterlle.
 2 rexéitao con facilidade e dálle un lapote na cara.*

- 2.- Segues igual ca sempre. Pensas moito, pero logo non fas nada.
 1.- Sempre fostes uns cabróns comigo.
 2.- E ti sempre fuches un “pringado”, por iso Lucía pasou de ti.
 1.- Cala!
 2.- Eras pouco para ela.

*1, nun movemento rápido, colle os anacos da buxaina e crávallos a 2 nos ollos.
 2 sangra. Retórcese.*

- 2.- Que fixeches?
 1.- Vaite para a festa. Vai mirar agora a Lucía como a mirabas, espíndoa cos ollos.
 2.- Estás tolo...
 1.- Mira para o pasado como levo mirando eu tantos anos. Mira para o fracaso cara a cara. Mira para o teu interior podre.

O CEO BAIXO BERLÍN

Ernesto Is

(Accésit Premio “A Pipa” 2014 de dramaturxia breve)

Espazo espido e angosto. A luz da mañá entra a través dunha claraboia que secciona o lugar en zonas de luces e sombras. Un home golpea ritmicamente as teclas dunha vella máquina de escribir.

MULLER.- Remataches?

HOME.- Non. Aínda non.

MULLER.- Fáltache moito?

HOME.- Non sei.

MULLER.- Lembra que...

HOME.- Que?

MULLER.- Voume ir.

Silencio.

MULLER.- O ceo está gris. Está gris e chove.

HOME.- Aquí sempre chove.

MULLER.- Gris... “Choiva gris sobre a pedra”... Berlín...

HOME.- Que?

MULLER.- Eh?

HOME.- Estabas a dicir algo?

MULLER.- Non.

HOME.- Cría que dicías algo.

MULLER.- Eu non dixen nin pío.

HOME.- Pareceume...

MULLER.- Non dixen nada.

HOME.- Escoitei...

MULLER.- Da miña boca non.

Silencio.

MULLER.- Véxote mellor.

HOME.- Mellor coa choiva.

MULLER.- Iso...

HOME.- Iso é porque me estimula.

MULLER.- A choiva.

HOME.- A choiva é estimulante. Faime pensar máis rápido. Máis directo. Concéntrome mellor cando chove. TIC TAC TIC TAC TIC TAC TIC TAC Escribo ao ritmo das gotas no tellado.

MULLER.- Véxote mellor.

HOME.- Xa cho dixen.

MULLER.- A choiva.

HOME.- Si.

MULLER.- Só a choiva.

HOME.- Ahá.

Silencio.

MULLER.- Enténdeme, eu non...

HOME.- Cala.

MULLER.- Pero é que...

HOME.- Non paga a pena.

MULLER.- Ti sabes que non...

HOME.- Shhhh... Cala!

MULLER.- Non quero...

HOME.- Shhhh!

MULLER.- ...non quero pasar os últimos minutos xuntos agardando a que remates de traballar.

HOME.- Eu non quero traballar contigo agardando ao lado.

MULLER.- Moléstote?

HOME.- Distráesme.

Silencio.

MULLER.- Iso son.

HOME.- O que?

MULLER.- Unha distracción. Iso son?

HOME.- Eu non dixen...

MULLER.- Sei perfectamente o que dixeches. Non estou xorda.

HOME.- Tampouco muda.

MULLER.- Es un...

HOME.- Adiante, faino. Bótame a culpa de todo.

MULLER.- Tes razón, non paga a pena.

Silencio.

MULLER.- Recordas a primeira película que vimos?

HOME.- Non.

MULLER.- Eu si. *O ceo baixo Berlín.*

HOME.- Que?

MULLER.- A primeira vez que fomos ao cine xuntos. Vimos unha peli alemá, lembras?

HOME.- Pero ese non é o título.

MULLER.- Non entendo.

HOME.- Como?

HOME.- A película da que ti estás a falar é *O ceo sobre Berlín*, non *baixo Berlín*.

MULLER.- Equivoqueime.

Silencio.

MULLER.- Quizais... quizais non me equivoquei.

HOME.- Equivocácheste.

MULLER.- Non.

HOME.- Asímeo.

MULLER.- Que non.

HOME.- Está ben.

Silencio.

MULLER.- Por que teño que equivocarme?

HOME.- Non tes que equivocarte, equivócaste.

MULLER.- Por que? Dime por que segundo ti me equivoco. Por non dicir con exactitude o nome dunha puta película? É por iso?

HOME.- É por que...

MULLER.- Porque non aturas nada de min. Xa non aturas nada que teña que ver comigo.

HOME.- Non... non quero que...

MULLER.- Eu tampouco quero moitas cousas e teño que conformarme por como veñen dadas. Ti cres que teño ganas de marchar? Cres que o único que sofre aquí es ti?

HOME.- Sei que non.

MULLER.- Se o sabes, demóstrao.

HOME.- Como?

MULLER.- Deixando esa fodida máquina dunha vez! Mirándome aos ollos, falándome de seguido sen ter que esperar a que remates un parágrafo. Acórdaste? Lembras cando non había tempo? Cando o mediamos entre película e película... Cando saíamos do cine e na rúa chovía a mares... Recordas? Entón corriamos ata a casa para acender a estufa e logo facíame o amor toda a noite ata esgotarme. Eu durmíame anicada no teu ventre mentres esborrachabas neses cadernos de tapas azuis, e cando espertaba á mañá seguinte todo o cuarto ulía xa a café e ti seguías co bolígrafo na man escribindo cousas que nunca cheguei a ler, pero que estou segura de que eran as palabras máis belas que calquera home puidese escribir xamais. Ningunha cousa era importante, pero todas eran esenciais. Dábanos igual se o ceo estaba sobre ou baixo Berlín, se o mundo se derrubaba diante dos nosos narices e se o sol non ía saír ningunha mañá máis... O importante, o verdadeiramente importante, era que nós non necesitábamos nada máis que a nós. Agora...

HOME.- Si...

MULLER.- ...agora non sei que é o que necesitamos.

HOME.- Eu tampouco.

MULLER.- Foron bos tempos.

HOME.- Moi bos.

MULLER.- Non gardo rancor. Non quero gardar rancor. Non podo gardarche rancor.

HOME.- Nin eu.

MULLER.- Vou marchar.

HOME.- Xa?

MULLER.- Si.

HOME.- Aínda é cedo.

MULLER.- Para nós xa é tarde.

HOME.- Non podes... non podes retrasalo?

MULLER.- Retrasalo?

HOME.- Por favor, non te vaias.

MULLER.- Isto xa está falado.

HOMES.- Non podes irte.

MULLER.- Teño que irme.

HOME.- E eu?

MULLER.- Ti?

HOME.- Si, eu. Que vai ser de min?

MULLER.- Non sei... De verdade, non o sei.

HOME.- Sen ti... sen ti non saberei de que lado está o ceo.

MULLER.- Sabes máis do que pensas.

HOME.- E Berlín... Berlín non será o mesmo.

MULLER.- Dende cando Berlín é o mesmo?

HOME.- Lou Reed... *Achtung!*... Müller... *Checkpoint Charlie*... David Bowie... *The Wall*... Pina... Brandeburgo... Pink Floyd...

MULLER.- Derrubamos un muro e cos anacos levantamos outro.

HOME. *All in all we're just another brick in the wall...*

Silencio.

MULLER.- Chegou a hora.

HOME.- Por favor.

MULLER.- Teño que...

HOME.- Non.

MULLER.- Sabes que si.

HOME.- Oxalá... oxalá poida reterte.

MULLER.- Iso é o queres?

HOME.- Iso é o que máis desexo con toda a miña alma.

MULLER.- É imposible.

HOME.- Cando era neno tiña... o meu avó regaloume unha máquina de escribir. Esta máquina de escribir. Era o único que quería. Recordo que abrín o paquete e empecei a pegar saltos como un tolo. Só pensaba nela. Na máquina. Só a máquina. Chegaba do colexio e pasaba as tardes xuntando letras. Primeiro contos. Logo poemas de amor con acne. Despois intentei mellorar o mundo escribindo pezas de teatro na universidade. E agora... agora véndome por unha miseria facendo estas merdas. Antes de morrer, o meu avó deixoume unha carta. Nela explicaba que a máquina que comprara tiña... era especial. Decía que a tinta era máxica -o meu avó sempre andaba con esas-, calquera cousa que escribise faríase realidade. Podo usala. Agora podo escribir nela que ao final non te vas, que quedas ao meu lado, que o amor puido con todo.

MULLER.- Un *deus ex machina*?

HOME.- Un *deus ex machina* en toda regra. Un *deus ex machina* con final feliz.

MULLER.- Non podes.

HOME.- Que mo impide?

MULLER.- Non podes usala outra vez.

HOME.- Pero...

MULLER.- "*Choiva gris. Choiva gris sobre a pedra. Miro ao ceo de Berlín, agardando que chovan musas sobre o meu tellado*". Novembro de 1988.

HOME.- Non é...

MULLER.- Si o é.

HOME.- Como sabes...

MULLER.- Ti chamáchesme.

HOME.- Eu non...

MULLER.- Ti chamáchesme, eu respondín.

HOME.- E... e que é o que teño que facer agora?

MULLER.- Remata.

HOME.- Non sei.

MULLER.- Remata o parágrafo.

HOME.- Non podo...

MULLER.- Ti sabes.

Silencio.

HOME.- *(Escribe.)* As nubes abríronse, o sol temperán entraba pola ventá. Xa non se escoitaba chover, xa non caían máis gotas sobre o tellado. O ceo gris estaba baixo Berlín e as musas non volverían mollar ningunha das letras que saían das mesmas cabezas que derrubaron a pedra gris hai anos. Case sen sabelo, levantaron un novo muro cos anacos. El dun lado. Ela do outro. Sós. Separados.

Cando remata de escribir saca o papel da máquina. A luz da mañá ilumina completamente o espazo. Ela xa non está.

OFELIA
Julio Fernández
(Accésit Premio “A Pipa” 2014 de Dramaturxia Breve)

HAMLET.- Seguro que non estás cansa para seguir conducindo?... Con esta néboa é doado perder o control.

OFELIA.- Foi tan triste.

HAMLET.- Sempre o dis... Daquela que estiveches fochicando co asunto diante do meu pai...

OFELIA.- Que?

HAMLET.- Estiveches abondo impertinente...

OFELIA.- Era Nadal.

HAMLET.- Mais por que es tan testalana? Temos chofer. Non un, senón varias ducias.

OFELIA.- Aquí, nesta parte do país o vento sacude as follas das alamedas negras para deixar azueiras no ar...

HAMLET.- Nena, pecha a fiestra, prégoche.

OFELIA.- Antes cría que non era preciso asistir a todos os funerais...

HAMLET.- E non asistimos a todos. Só é necesaria a nosa presenza cando o número de vítimas, todas causadas por un accidente ou acto violento, é maior de dez. Non pechaches a fiestra... Que se escoita?

OFELIA.- A auga do pantano.

HAMLET.- Non recoñezo a estrada... Pódesme dicir onde estamos?

OFELIA.- Aparteime da xeral denantes, cara a unha desviación sen nome.

HAMLET.- Cando?

OFELIA.- Ti aínda durmías.

HAMLET.- E o resto da comitiva?

OFELIA.- É posible que non se decataran.

HAMLET.- Non dou crédito.

OFELIA.- Había máis néboa que agora... Que che pasa?

HAMLET.- Creo que estou a ver unha muller... Alí, dentro do auga...

OFELIA.- De que te estrañas?

HAMLET.- Ten un rostro tan semellante ó teu... A súa palidez case de morta prodúceme calafríos... Que miraxe tan estraña!

OFELIA.- É Ofelia, a primeira de todas. A princesa namorada dun home entebrecido polos seus pantasma...

HAMLET.- É iso o que pensas de min?

OFELIA.- Tamén ti foxes dos fantasmas que corren polo teu sangue?

HAMLET.- Non move os labios.

OFELIA.- Leva no pantano desde sempre...

HAMLET.- Prégoche que mires á estrada.

OFELIA.- O suicidio de Ofelia conmove o mundo enteiro dende entón. Tralos seus ollos hai un sentimento profundo e incorruptible de mágoa polo destino de todas as mulleres condenadas á fatalidade por mor dun amor insatisfeito...

HAMLET.- Ten os ollos abertos.

OFELIA.- Dun amor agostado polos desexos de vinganza masculinos.

HAMLET.- Amor e vinganza son desafogos... Tanto dá... Se queres podemos facer unha parada.

OFELIA.- Mellor non.

HAMLET.- Non pensas que ti mais eu fomos nalgún intre das nosas vidas unha feliz parella?

OFELIA.- Unha miraxe estraña.

HAMLET.- Que?

OFELIA.- Ti mesmo o dixeches.

HAMLET.- Vai mais amodo.... Imos ter un accidente... Non acado a comprender... Ela non pode ser unha muller de carne e óso. É coma se ti... Agarda, é unha holografía. É una holografía de Ofelia. Daquela Ofelia de hai catro séculos... Xa sei, eu vin esta imaxe antes... Mais non me lembro... Estou vello.

OFELIA.- O cadro de Milais...

HAMLET.- Si, é ese cadro. Certo.

OFELIA.- Ata hai pouco non entendía o porqué do noso deber de acudir aos funerais polas vítimas dos accidentes...

HAMLET.- Cambiaches de opinión?

OFELIA.- Sinto moita mágoa.

HAMLET.- Estás ben?

OFELIA.- Sinto moita mágoa por quen non tivo a sorte de sobrevivir nunha traxedia que non provocou.

HAMLET.- Sempre fuches moi sentida.

OFELIA.- Quero acudir á chamada... Sen ter en conta o seu número.

HAMLET.- Toleaches. Todos os días ocorre algunha desgraza no noso reino.

OFELIA.- Eu quero ser a raíña de todas...

HAMLET.- Que se escoita?

OFELIA.- Os murmurios do tempo. Os bicos desdobrados nas follas que resisten nas árbores. A noite de outono que chega.

HAMLET.- Por que falas dese xeito?

OFELIA.- Recito poemas de cando en vez. Poemas de xuventude.

HAMLET.- Decatácheste?!... Moveu as súas pestanas... Ten que ser un espellismo.

OFELIA.- Non é un espellismo, intenta tocala.

HAMLET.- Cómo tocala!?!... Ela está fora, na paisaxe, e nós no interior dun auto.

OFELIA.- E ti, como é que viches mover as súas pestanas? Demasiado lonxe e escuro de máis para apreciar eses detalles. Non é?

HAMLET.- Tes razón, porén...

OFELIA.- Que?

HAMLET.- É coma se ti máis eu fósemos parte dun gran espello baleiro.

OFELIA.- Un espello roto. Cos anacos dos rostros de todas as Ofelias mortas por mor dos seus lendarios amantes...

HAMLET.- Non coñezo esa lenda.

OFELIA.- Amantes coma ti, querido Hamlet.

HAMLET.- Teño moito frío, de súpeto.

OFELIA.- Quero que fagamos funerais de Estado por todas as Ofelias que morren vítimas...

HAMLET.- Non haberá días suficientes no calendario.

OFELIA.- Que che pasa?... Que tes?

HAMLET.- E coma se ela fose... Unha muller do pasado... Unha muller que aparece na néboa para lembrarnos... Eu xamais estiven con ningunha Ofelia, agás ti...

OFELIA.- Non vas descamiñado.

HAMLET.- Ti es a miña primeira e derradeira Ofelia.

OFELIA.- É custoso manter dentro do peito as promesas que non lavou a tormenta para deixar o corazón libre de incendios.

HAMLET.- Esas palabras... Son tan vellas...

OFELIA.- Tan vellas que quedaron esmorecidas durante séculos.

HAMLET.- Oes?... Está a cantar...

OFELIA.- O desamor vive nunha lagoa inmensa na que se pousa a néboa para espertar o funesto. Ofelia...

HAMLET.- Perdes as horas a tecer metáforas. Eu non son responsable da morte de ningunha Ofelia.

OFELIA.- Morremos dun xeito vagaroso no río da vida. Ti tamén.

HAMLET.- Que queres dicir?

OFELIA.- Achégate e bebe da auga do pantano.

HAMLET.- Iso non é posible. Ademais, nesta estrada non hai ningún pantano. O GPS non...

OFELIA.- Ti non me amas.

HAMLET.- Que?... É moi tarde para falar diso. Estou canso... Escoita, pecharei os ollos para que todo volva onde estaba antes de desviarnos da estrada principal.

OFELIA.- Non é posible. Xa somos pouco máis que seres espoliados na vixilia do noso pasado.

HAMLET.- Non sigas recitando!... Prego... Non soporto que fales nese ton... Onde está a muller do pantano? Non a vexo.

OFELIA.- O ceo pechouse por un intre. Estou aquí. É que estás cego?

HAMLET.- Estou a morrer. Non é?

OFELIA.- Nun intre atoparémonos con todas as Ofelias do mundo e faremos o que o noso deber nos ordena. Diante dos seus corpos choraremos ata que a luz das nosas bágoas reaviven os ósos...

HAMLET.- Imos demasiado rápido.

OFELIA.- E os nosos ollos...

HAMLET.- Frea, frea, por Deus, frea!

OFELIA.- Os nosos ollos pousaranse con tenrura no regueiro da inocente tolemia.

HAMLET.- Frea!

ÚLTIMOS TEXTOS EDITADOS POLA R.G.T.

- Josep María Miró:** *A muller que perdía todos os avións.*
Tradución: Afonso Becerra (nº63)
- Luis Araújo:** *Por que as acacias non han dar xarope?* (nº64)
Tradución: Xosé Manuel Pazos Varela
- Abel Neves:** *Nunca estive en Bagdad* (nº65)
- Teté García, Marta Pérez, Rosa Puga, Vanesa Sotelo:** *Expostas* (nº66)
- Lluïsa Cunillé:** *O tempo.* Tradución: Afonso Becerra de Becerreá (nº67)
Eduardo Alonso: *Piratas* (nº68)
- Jose Maria Vieira Mendes:** *Padam Padam* (nº69)
- Joan Giralt Bailach:** *Fóra feira* (nº70)
- Josep Maria Miró i Coromina:** *O principio de Arquímedes* (nº71).
Tradución: Afonso Becerra de Becerreá
- María Xosé Queizán:** *Ritos de sangue* (nº 72)
- Marta Freitas:** *Imundação* (nº73)
- Fernando Epelde:** *Caixa negra* (nº74)
- Raúl Dans:** *Unha corrente salvaxe* (nº75)
- VV.AA:** *Micropezas* (nº76)
- Susana Hornos e Zaida Rico:** *Bagos de uva no padal* (nº77)
Tradución: Xosé Manuel Pazos Varela.
- Ricardo Cabaça:** *Morte súbita* (nº 78)
- Carles Mallol:** *Mata o teu alumno* (nº79)
Tradución: Afonso Becerra de Becerreá
- Wajdi Mouawad:** *Arelantes* (nº 80)
Tradución: Henrique Harguindey Banet
- Clara Gayo:** *Prohibido sufrir* (nº 81)
- Gonçalo Waddington:** *Albertine, o continente celeste* (nº82)
- Xavi Morató:** *Un pé xigante esmágaos a todos* (nº83)
Tradución: Afonso Becerra de Becerreá
- Julio Fernández:** *A morte é breve* (nº84)

Consulta os textos publicados pola RGT na web:

www.revistagalegateatro.com